ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PI26029

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Lingua francesa. Nivel avanzado 1

CONVOCATORIA: IDIOMAS, convocatoria

GRUPO: Portal de Idiomas

ÁREA: Portal de idiomas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	150
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 12/02/2026 - 09:00h ao 18/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

NOTAS IMPORTANTES!

• O número máximo de actividades de formación continua, en materia de idiomas, que se pode solicitar limítase a tres (3). Non se pode solicitar o mesmo nivel cursado na anterior convocatoria.

• Na modalidade de teleformación só se pode matricular nun nivel de cada idioma ofertado. En caso de detectarse máis dun nivel solicitado en cada idioma na modalidade de teleformación, acéptaselle no nivel máis baixo e exclúeselle no/os outros niveis.

Proporcionar o coñecemento e as habilidades de comunicación dos empregados da administración en lingua francesa, perante o emprego das novas tecnoloxías.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG).

PROGRAMA

- A prensa en Francia, o turismo e as viaxes, Internet, a moda e os oficios da arte, a Unión Europea (a súa historia, os seus fundadores, as súas institucións), o medioambiente, a alimentación.
- Aprender a escribir un mail formal e informal. Saber redactar unha carta formal. Saber manter unha conversa telefónica. Saber pedir nun restaurante.
- Vocabulario e léxico: a prensa, o aeroporto, a estación de tren, o hotel, na estrada, o turismo, internet, a informática, o e-learning, a moda, a roupa, o medioambiente, a alimentación.
- Gramática e fonética: os pronomes complemento, os pronomes tónicos, o pronome “en”, a dobre pronominalización. Os sons [z] e [s]. Expresións co verbo “mettre”. A utilización do presente continuo e do xerundio. Os pronomes demostrativos. A concordancia do participio pasado nos tempos compostos. O pretérito perfecto simple (passé simple). A pronuncia de “ch”. A negación. Os adverbios en -ment. A utilización do modo indicativo e subxuntivo. As conxugacións particulares. As nasais. As terminacións en -ant, -and, -ent. Os conectores e secuenciadores. As terminacións -ai, -ais, -ait. As locucións prepositivas. A ligazón (liaison).

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 24/03/2026 a 03/11/2026
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 06/11/2026 ás 18:30h
DOCENTES NOMEADOS		
Gabriel Domínguez Domínguez		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Datas: 24/03 ao 27/06/26 e do 09/09 ao 03/11/26 Proba final en liña.		